INFORME sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde
(Exptes. SA-2026-002-M e SA-2026-007-M)

ANTECEDENTES

Primeiro. Solicitude de informe

Esta dirección xeral recibe escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, solicitando informe sobre modificación da relación de postos de traballo da **consellería** e do **Servizo Galego de Saúde**.

Entre a documentación remitida consta a seguinte:

- Memorias funcional e económica
- Táboa de equivalencias
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 09.07.2026
- Anexos de postos amortizados, modificados e creados

Posteriormente achegaron memoria funcional complementaria.

Segundo. Informe preceptivo da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de data 27.07.2026, de conformidade co disposto no artigo 14.2.C.c) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: apCravTSUYm1 https://sede.xunta.gal/cve

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

INFORME

Primeiro. Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes consellerías:

- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Consellería de Política Social e Igualdade
- Consellería de Economía e Industria
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
- **Consellería de Sanidade**
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Consellería do Medio Rural
- Consellería do Mar

Segundo. Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).

Este decreto, no artigo 8, establece que a **Consellería de Sanidade** estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica
2. Dirección Xeral de Saúde Pública
3. Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria

Quedando **adscritos** a esta consellería:

1. O organismo autónomo Servizo Galego de Saúde
2. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
3. A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: apCravTSUYm1 https://sede.xunta.gal/cve

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

Terceiro. Decreto de estrutura orgánica da Consellería de Sanidade

A actual estrutura orgánica da consellería está establecida no Decreto 144/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG núm. 101, do 27 de maio - corrección de erros DOG núm. 131, do 8 de xullo).

Cuarto. Decreto de estrutura orgánica do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde

A actual estrutura orgánica do organismo autónomo está establecida no Decreto 145/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 101, do 27 de maio - corrección de erros DOG núm. 131, do 8 de xullo).

Posteriormente foi modificado polo Decreto 47/2026, do 1 de xuño, polo que se modifica o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servicio Galego de Saúde (DOG núm. 101, do 2 de xuño).

Quinto. Obxecto do informe

O obxecto do presente informe é a modificación da relación de postos de traballo da **Consellería de Sanidade** coa finalidade de, segundo recollen na memoria funcional, redistribuír efectivos de persoal inspector veterinario de Saúde Pública de matadoiro, coa finalidade de adecuar a dotación de persoal ás necesidades reais derivadas da actividade dos distintos establecementos. É obxecto tamén a modificación da relación de postos de traballo do organismo autónomo **Servizo Galego de Saúde**.

Contén as seguintes actuacións na **Consellería de Sanidade:**

- **Amortización de 2 postos** de Inspector/a veterinario/a Saúde Pública (zonas: Verín e A Coruña)
- **Creación de 2 postos** de Inspector/a veterinario/a Saúde Pública (zonas: Santiago e Ourense)
- **Amortización de 1 posto** de Médico/a, posto ao que lle foi retirado o crédito para financiar a a creación doutro na consellería.

Contén as seguintes actuacións do organismo autónomo **Servizo Galego de Saúde:**

- **Ampliación ao subgrupo A2** do posto de Xefatura de Servizo de Xestión Asistencia en Atención Primaria.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: apCravTSUYm1 https://sede.xunta.gal/cve

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

Sexto. Creacións e amortizacións de postos

- **Sexto 1. Creacións de postos da Consellería de Sanidade**

A presente relación de postos de traballo contén a creación de **2 postos** de traballo cuxa clasificación completa e detallada figura no anexo a este informe:

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBG. ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚB.	OBSERVACIÓNS
SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: SANTIAGO)					
INSPECTOR/A VETERINARIO/A SAÚDE PÚBLICA MATADOIRO COMARCAL MELIDE SA.C99.20.005.15770.042	C	24	A1	ESV AXG	086
SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: OURENSE)					
INSPECTOR/A VETERINARIO/A SAÚDE PÚBLICA MATADOIRO COMARCAL RIBADAVIA SA.C99.20.005.32001.053	C	24	A1	ESV AXG	086

CÓDIGOS
ESV ESPECIAL (ESC. VETERINARIOS)
C CONCURSO
086 EXPERIENCIA HIXIENE ALIMENTARIA (MÉRITO)

- **Sexto 2. Amortizacións de postos da Consellería de Sanidade**

A presente relación de postos de traballo recolle as amortizacións dos seguintes **3 postos vacantes:**

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚB.
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA				
• **SUBDIRECCIÓN XERAL DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES**				
MÉDICO/A SA.C03.00.002.15770.052 (*)	CONCURSO	22	A1	ESS1
SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: A CORUÑA)				
INSPECTOR/A VETERINARIO/A SAÚDE PÚBLICA MATADOIRO COMARCAL DE A CORUÑA SA.C99.20.005.15001.018	C	24	A1	ESV AXG

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: apCravTSUYm1 https://sede.xunta.gal/cve

DENOMINACIÓN DO POSTO	F.PROV.	NIVEL	SUBGRUPO ÁREA FUNC.	CORPO/ ESCALA ADSCRICIÓN ADM. PÚB.
SERVIZO VETERINARIO SAÚDE PÚBLICA (ZONA: VERÍN)				
INSPECTOR/A VETERINARIO/A SAÚDE PÚBLICA MATADOIRO COMARCAL XINZO DE LIMIA SA.C99.20.005.32840.021	C	24	A1	ESV AXG

CÓDIGOS

ESV ESPECIAL (ESC. VETERINARIOS)
C CONCURSO
ESS1 ESPECIAL (ESC. FACULTATIVA - ESP. MEDICINA)

(*) Posto ao que se lle retirou o crédito para o finaciamento da modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral e de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobada polo Consello da Xunta do 27.12.2024 (DOG núm. 16 do 24 de xaneiro de 2025).

- **Sexto 3. Modificacións de postos do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde**

A presente relación de postos de traballo recolle a modificación do Servizo de Xestión Asistencial en Atención Primaria, da Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria; modificación consistente na ampliación do subgrupo de apertura **pasando de A1 a A2**, mantendo o resto das súas carcterísticas

- XEFATURA DE SERVIZO DE XESTIÓN ASISTENCIAL EN ATENCIÓN PRIMARIA (código SG.S03.00.001.15770.005). (Posto da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma)

Esta modificación resulta, segundo recollen na memoria funcional, "en aras da homoxeneidade dentro da propia dirección xeral, resulta pertinente que a xefatura de servizo de Xestión Asistencial en Atención Primaria, resulte igualmente aberta aos subgrupos A1-A2."

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: apCravTSUYm1 https://sede.xunta.gal/cve

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe esta dirección xeral, **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo da **Consellería de Sanidade e do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde.**

Incorporamos a este informe o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 27/07/2026 13:20:53

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: apCravTSUYm1 https://sede.xunta.gal/cve

Edificio administrativo 1, 2º andar
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal
xunta.gal/funcion-publica